



# emprende pesca

DESCOBRIR. INNOVAR. TRANSFORMAR.

1

## ANTES DE COMEZAR, QUE DEBO SABER.....

Crear unha empresa ou negocio ven a ser unha boa oportunidade para incorporarse ao mercado de traballo ou para mellorar as expectativas profesionais e persoais. A posta en marcha dunha empresa convirte aos seus promotores en emprendedores/as que fan posible unha idea.

Poñer en marcha unha actividade empresarial require ter **capacidades e habilidades** para ser emprendedor/a, xunto a ter unha **“boa idea”** e convertela en realidade. Este percorrido do/a emprendedor/a atravesará unha serie de fases nas que se teñen que tomar diferentes decisións ata chegar ao obxectivo final.

Esa “boa idea” é necesario plasmala nun proxecto que como mínimo ten que ter en conta os seguintes aspectos que se consideran fundamentais:

**MERCADO:** é necesario realizar unha análise de mercado mantendo a obxectividade, sendo realista, e dar resposta ao seguinte:

- O meu proxecto encádrase nun mercado que esta en crecemento?
- Pertence a un sector innovador?
- Existe moita competencia no mercado a que me teño que enfrontar?

**FORMA XURÍDICA:** como vou formalizar a actividade? Autónomo/a, sociedade? E cales son as implicacións fiscais de cada forma xurídica?

**XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS:** que xestións ou cuestións administrativas están apareladas coa apertura dunha actividade empresarial? Contratos de traballo, seguridade social, convenios, os permisos, impostos, as licenzas municipais, os seguros....

**A FINANCIACIÓN:** este é un punto vital nos comezos dun proxecto empresarial. As preguntas as cales se ten que dar resposta son: dispoño de recursos propios é son suficientes?, teño necesariamente que recorrer a outras fontes de financiación (créditos ou préstamos)?, existen medidas de apoio ao emprendemento na administración pública?

**IDEA**

**ANÁLISE DA IDEA**

**VONTADE DE CREAR**

• **Autónomo**

• **Sociedade**

**ANALIZAR POSIBLES**

**ELABORAR O  
PLAN DE  
EMPRESA**

- Datos do proxecto
- Promotores
- Descrición dos produtos/ servizos
- Plan de produción
- Análise de mercado
- Plan de marketing
- Organización e persoal
- Plan de inversións
- Previsión de tesourería
- Previsión de conta de resultados
- Financiación prevista
- Análise do punto de equilibrio
- Valoración do risco

3

**AVALIAR AS POSIBILIDADES DE ÉXITO**

**DECISIÓN DE CREAR A EMPRESA**

**INICIAR OS TRÁMITES DE  
CONSTITUCIÓN DA EMPRESA**